

Axudas por fillas e fillos menores de tres anos

A Consellería de Política Social convoca unha prestación económica de pagamento único por fillas e fillos menores de tres anos para o ano 2020.

Poderán ser beneficiarias desta prestación aquelas persoas que teñan fillas ou fillos menores de tres anos nados entre o 1 de xaneiro de 2017 e o 31 de decembro de 2017, ambos os dous días incluídos, e que, durante o ano 2018, nin elas nin ningunha das persoas que compoñen a unidade familiar estivesen obrigadas a presentar a declaración polo IRPF correspondente a este período, nin a presentasen de xeito voluntario aínda sen estar obrigadas a iso.

Serán igualmente beneficiarias desta prestación as fillas ou fillos adoptados ou acollidos mediante resolución, xudicial ou administrativa, ditada entre o 1 de xaneiro de 2017 e o 31 de decembro de 2017.

Requisitos:

- Que as persoas proxenitoras teñan a súa residencia habitual en Galicia.
- Que na data da solicitude os/as nenos/as convivan coa persoa solicitante.

A *prestación* consistirá nun pagamento único por cada filla ou fillo menor de tres anos:

- Cando sexa a primeira filla ou fillo: 360 €.
- Cando sexa a segunda filla ou fillo: 1.200 €.
- ,|Cando sexa a terceira ou terceiro e sucesivos: 2.400 €.

As *solicitudes* poden tramitarse en <https://sede.xunta.es> co procedemento BS410A. O *prazo* de presentación das solicitudes estará aberto ata o 9 de marzo de 2020. Máis información no DOG do 20 de xaneiro de 2020 e en <http://www.familiasgalegas.org/> ou no Centro Social de Melide no teléfono 981 50 57 06.